

## 2. Conformidade da produción.

Todo dispositivo acústico homologado conforme as presentes prescricións deberá ser fabricado para que cumpra con todas as especificacións previstas nelas.

A autoridade competente poderá requirir anualmente do fabricante a verificación do correspondente control da produción.

De non se demostrar o cumprimento das especificacións, a autoridade competente requirirá o titular da homologación para que tome as medidas oportunas co fin de restablecer a conformidade da produción o antes posible. No caso de non se restablecer a conformidade, a autoridade competente poderá retirar a homologación.

## 3. Modelo de certificado de homologación:

CERTIFICADO DE HOMOLOGACIÓN.  
MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO.

Comunicación de homologación, denegación ou retirada de homologación dun tipo de dispositivo acústico de sinalización de marcha atrás.

N.º de homologación DAS-000000000000.

1. Marca de fábrica ou comercial:
2. Tipo:
3. Nome e enderezo do fabricante:
4. Se for o caso, nome e enderezo do representante do fabricante:
5. Tensión(s) de alimentación 12 / 24 voltios
6. Frecuencia(s) nominal(ais):
7. Presentado á homologación:
8. Laboratorio de probas:
9. Data e número da acta do laboratorio:
10. Data da homologación/denegación/retirada de homologación:
11. Lugar:
12. Data:
13. Xúntanse ao presente certificado os documentos seguintes:
14. Outras observacións...
15. Sinatur

**95** *CORRECCIÓN de erratas da Orde ITC/3707/2006, do 22 de novembro, pola que se regula o control metrolóxico do Estado dos instrumentos destinados a medir a concentración de alcohol no aire exhalado. («BOE» 3, do 3-1-2007.)*

Advertidas erratas na inserción da Orde ITC/3707/2006, do 22 de novembro, pola que se regula o control metrolóxico do Estado dos instrumentos destinados a medir a concentración de alcohol no aire exhalado, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 18 en lingua galega, do 16 de decembro de 2006, páxinas 2430 a 2435, transcríbense a seguir as oportunas rectificacións:

No anexo II, páxina 2434, primeira columna, onde di:

$$s = \sqrt{\frac{\sum_{i=1}^n Y_i \cdot \bar{Y}}{n \cdot 1}}$$

debe dicir:

$$s = \sqrt{\frac{\sum_{i=1}^n (Y_i - \bar{Y})^2}{n - 1}}$$

## MINISTERIO DE EDUCACIÓN E CIENCIA

**184**

*REAL DECRETO 1629/2006, do 29 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. («BOE» 4, do 4-1-2007.)*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, regula nos seus artigos 59, 60, 61 e 62 as ensinanzas de idiomas de réxime especial e establece que estas ensinanzas se organizarán en tres niveis: básico, intermedio e avanzado. En consonancia co disposto no artigo 6.2 da lei, o Goberno debe fixar os aspectos básicos do currículo que constitúen as respectivas ensinanzas mínimas, co fin de asegurar unha formación común e garantir a validez dos certificados correspondentes. O artigo 59.1 establece que as ensinanzas do nivel básico de idiomas terán as características e a organización que as administracións educativas determinen, e o artigo 60.1 establece que as ensinanzas de idiomas correspondentes aos niveis intermedio e avanzado serán impartidas nas escolas oficiais de idiomas. En fin, de acordo co previsto no artigo 61.1, na definición dos aspectos básicos do currículo das distintas linguas débense determinar os efectos dos certificados acreditativos da superación das exixencias académicas correspondentes aos diferentes niveis.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e emitiron informe o Consello Escolar do Estado e o Ministerio de Administracións Públicas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación e Ciencia, de acordo co Consello de Estado e despois de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do 29 de decembro de 2006,

### DISPONGO:

#### Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto fixar as exixencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación e as ensinanzas mínimas que deberán formar parte dos currículos que as administracións educativas establezan para os niveis intermedio e avanzado dos idiomas seguintes: alemán, árabe, chinés, danés, finés, francés, grego, inglés, irlandés, italiano, xaponés, neerlandés, portugués, romanés, ruso, sueco, linguas cooficiais das comunidades autónomas e español como lingua estranxeira.

2. Este real decreto ten tamén por obxecto establecer os efectos dos certificados acreditativos da superación dos niveis básico, intermedio e avanzado destas ensinanzas, ben como determinar os requisitos mínimos da documentación académica necesaria para garantir a mobilidade do alumnado respectivo.

#### Artigo 2. *Nivel básico.*

1. As ensinanzas do nivel básico dos idiomas a que se refire este real decreto terán as características e a organización que as administracións educativas determinen.

2. Na determinación do currículo das ensinanzas do nivel básico e na regulación das respectivas certificacións acreditativas de ter superado ese nivel, as administracións educativas terán como referencia as competencias propias do nivel A2 do Consello de Europa segundo se

define este nivel no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.

3. Os certificados acreditativos expedidos polas administracións educativas producirán efecto en todo o territorio nacional e permitirán o acceso ás ensinanzas do nivel intermedio do idioma para o cal foron expedidos.

4. As administracións educativas determinarán a valoración do certificado de nivel básico nos procesos de recoñecemento de méritos que xestionen.

5. Os certificados de nivel básico valerán para acreditar competencia en idiomas propia dese nivel nos procedementos que para tales efectos establezan as administracións públicas ou outros organismos.

6. Os certificados de nivel básico deberán incluír, como mínimo, os datos seguintes: órgano que o expide, datos do alumno (nome e apelidos, DNI ou NIE ou, na súa falta, número de pasaporte, data e lugar de nacemento), idioma e nivel (básico), nivel do Marco Común Europeo de Referencia e data de expedición.

### Artigo 3. *Ordenación dos niveis intermedio e avanzado.*

1. As ensinanzas mínimas dos niveis intermedio e avanzado, que constitúen os aspectos básicos dos currículos respectivos, son as que se inclúen no anexo I deste real decreto e teñen como referencia, respectivamente, as competencias propias dos niveis B1 e B2 do Consello de Europa segundo estes niveis se definen no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.

2. As administracións educativas establecerán os currículos respectivos, dos cales formarán parte, en todo caso, as ensinanzas mínimas fixadas neste real decreto.

3. As ensinanzas correspondentes ao conxunto dos niveis intermedio e avanzado organizaranse en tres cursos como mínimo e catro como máximo, nos termos que dispoñan as administracións educativas. O límite de catro cursos poderase ampliar nun curso máis no caso dos idiomas árabe, chinés e xaponés.

4. Os alumnos terán dereito a cursar ensinanzas en réxime presencial no conxunto dos niveis intermedio e avanzado, durante un número máximo de anos equivalente ao dobre dos ordenados para o idioma de que se trate pola Administración educativa correspondente.

5. O certificado acreditativo de ter superado o nivel intermedio permitirá o acceso ás ensinanzas de nivel avanzado do idioma correspondente en todo o territorio nacional.

6. O título de bacharelato habilitará para acceder directamente aos estudos do idioma de nivel intermedio da primeira lingua estranxeira cursada no bacharelato.

7. As administracións educativas regularán as condicións en que se poidan incorporar a calquera curso dos niveis intermedio ou avanzado dun idioma os que acrediten o dominio de competencias suficientes nese idioma.

8. Os documentos oficiais que deben ser utilizados na avaliación para as ensinanzas dos niveis intermedio e avanzado son o expediente académico e as actas de cualificación, nos termos que se explicitan no anexo II deste real decreto.

### Artigo 4. *Certificados dos niveis intermedio e avanzado.*

1. Para obter os certificados dos niveis intermedio e avanzado será necesaria a superación dunhas probas terminais específicas de certificación.

2. As administracións educativas regularán a organización das probas a que se refire o número anterior, que deberán ser avaliadas tomando como referencia os obxectivos, competencias e criterios de avaliación establecidos para cada nivel nos currículos dos idiomas respectivos.

3. As administracións educativas organizarán, cando menos, unha convocatoria anual de probas para a obtención dos certificados correspondentes aos niveis intermedio e avanzado.

4. Co fin de seguir as recomendacións do Consello de Europa para o uso do Portfolio Europeo das Linguas, aos alumnos que non obteñan o certificado do nivel intermedio ou do nivel avanzado poderáselles expedir, por petición deles, unha certificación académica de ter alcanzado o dominio requirido nalgunhas das destrezas que as probas correspondentes avalíen, de acordo coas condicións que as administracións educativas determinen.

5. O deseño, a administración e a avaliación das probas para a obtención dos certificados por parte do alumnado con discapacidade basearanse nos principios de igualdade de oportunidades, non-discriminación e compensación de desvantaxes. Os procedementos de avaliación conterán as medidas que resulten necesarias para a súa adaptación ás necesidades especiais deste alumnado.

6. Os certificados de nivel intermedio e de nivel avanzado deberán incluír, como mínimo, os datos seguintes: órgano da comunidade autónoma que o expide, datos do alumno (nome e apelidos, DNI ou NIE ou, na súa falta, número de pasaporte, data e lugar de nacemento), idioma e nivel, indicación do nivel do Marco Común Europeo de Referencia, data de expedición, sinatura e selo.

7. As administracións educativas determinarán a valoración dos certificados de nivel intermedio e de nivel avanzado nos procesos de recoñecemento de méritos que xestionen.

8. Os titulares dos certificados dos niveis intermedio e avanzado poderán ser eximidos das probas de competencia en idiomas que establezan as administracións públicas ou outros organismos e que correspondan aos niveis de competencia consignados.

### Artigo 5. *Traslado de centro.*

1. O alumno que se traslade a outro centro sen ter concluído o curso académico deberá presentar unha certificación académica expedida polo centro de orixe, o cal remitirá ao centro de destino, por petición deste, o expediente académico do alumno. A matriculación considerárase definitiva a partir da recepción do expediente académico por parte da escola de destino xunto coa comunicación de traslado.

2. Co fin de garantir a mobilidade do alumnado entre as distintas comunidades autónomas, as administracións educativas regularán as condicións dos traslados de centro, polo menos, no que respecta á determinación de prazas vacantes nos centros, á incorporación do alumno que se traslada ao curso pertinente e ao pagamento dos prezos públicos establecidos.

### Disposición adicional primeira. *Equivalencia de estudos.*

O réxime de equivalencias entre as ensinanzas reguladas polo Real decreto 967/1988, do 2 de setembro, as reguladas polo Real decreto 944/2003, do 18 de xullo, e as ensinanzas a que se refire este real decreto é o que se especifica no anexo III.

### Disposición adicional segunda. *Cursos de actualización e especialización.*

As escolas oficiais de idiomas poderán, nos termos que dispoñan as respectivas administracións educativas, organizar e impartir cursos especializados para o perfeccionamento de competencias en idiomas, tanto nos niveis básico, intermedio e avanzado como nos niveis C1 e C2

do Consello de Europa segundo estes niveis se definen no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.

Disposición adicional terceira. *Correspondencia con outras ensinanzas.*

De acordo co disposto no artigo 62 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e ademais do previsto no artigo 3.6 deste real decreto, as administracións educativas facilitarán a realización de probas homologadas para obter a certificación oficial do coñecemento das linguas cursadas polos alumnos de educación secundaria e formación profesional.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Na medida en que se vaia implantando a nova ordenación das ensinanzas de idiomas establecida neste real decreto, de acordo co disposto no Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, quedará sen efecto o contido do Real decreto 1523/1989, do 1 de decembro, polo que se aproban os contidos mínimos do primeiro nivel das ensinanzas especializadas de idiomas estranxeiros; do Real decreto 47/1992, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os contidos mínimos correspondentes ás ensinanzas especializadas das linguas españolas, impartidas nas escolas oficiais de idiomas; do Real decreto 944/2003, do 18 de xullo, polo que se establece a estrutura das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, e do Real decreto 423/2005, do 18 de abril, polo que se fixan as ensinanzas comúns do nivel básico das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 20/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.

Disposición derradeira primeira. *Carácter básico.*

Este real decreto, con excepción da súa disposición adicional segunda, ten o carácter de norma básica en virtude das competencias que atribúe ao Estado o artigo 149.1.1.<sup>a</sup> e 30.<sup>a</sup> da Constitución, e dítase ao abeiro da habilitación que confire ao Goberno o artigo 6.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e en uso da competencia estatal para a fixación das ensinanzas mínimas recollida na disposición adicional primeira, 2 c) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo.*

O ministro de Educación e Ciencia, no ámbito das súas competencias, poderá ditar cantas disposicións sexan precisas para a execución e desenvolvemento do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 29 de decembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación e Ciencia,  
MERCEDES CABRERA CALVO-SOTELO

## ANEXO I

### PREÁMBULO

As ensinanzas especializadas de idiomas van dirixidas a aquelas persoas que, tendo adquirido as competencias básicas nas ensinanzas de réxime xeral, necesitan, ao longo da súa vida adulta, adquirir ou perfeccionar as súas competencias nunha ou varias linguas estranxeiras, sexa con fins xerais sexa específicos, ben como obter un certificado do seu nivel de competencia no uso desas linguas.

Por iso, as presentes ensinanzas mínimas parten dun modelo de lingua entendida como uso, o que supón o desenvolvemento e a activación conxunta de competencias tanto xerais como lingüísticas, sociolingüísticas e pragmáticas. Deste concepto de lingua, e en consonancia cos niveis de referencia desenvolvidos polo Consello de Europa, derivan os obxectivos, contidos e criterios de avaliación recollidos neste anexo. Os contidos, que son referencias básicas para todos os idiomas, débense adaptar aos obxectivos de cada un dos niveis, intermedio e avanzado, e son avaliados en función dos criterios propios de cada un destes niveis.

#### I. Nivel intermedio

##### 1. Definición do nivel

O nivel intermedio presentará as características do nivel de competencia B1, conforme este nivel se define no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas. Este nivel supón:

Utilizar o idioma con certa seguranza e flexibilidade, receptiva e produtivamente, tanto en forma falada como escrita, ben como para mediar entre falantes de distintas linguas, en situacións cotiás e menos correntes que requiran comprender e producir textos nunha variedade de lingua estándar, con estruturas habituais e un repertorio léxico común non moi idiomático, e que versen sobre temas xerais, cotiáns ou nos cales se ten un interese persoal.

##### 2. Obxectivos xerais por destrezas

2.1 Comprensión oral.–Comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais claramente estruturados e en lingua estándar, articulados a velocidade lenta ou media e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poida volver escoitar o dito.

2.2 Expresión e interacción oral.–Producir textos orais ben organizados e adecuados ao interlocutor e propósito comunicativo e desenvolverse cunha corrección, fluidez e espontaneidade que permitan manter a interacción, aínda que ás veces resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas para planear o discurso ou corrixir erros e sexa necesaria certa cooperación por parte dos interlocutores.

2.3 Comprensión de lectura.–Comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos escritos claros e ben organizados, en lingua estándar e sobre temas xerais, actuais ou relacionados coa propia especialidade.

2.4 Expresión e interacción escrita.–Escribir textos sinxelos e cohesionados, sobre temas cotiáns ou nos cales se ten un interese persoal, e nos cales se pide ou transmite información; se narran historias; se describen experiencias, acontecementos, sexan estes reais ou imaxinados, sentimentos, reaccións, desexos e aspira-

cións; se xustifican brevemente opinións e se explican plans.

### 3. Contidos xerais básicos

Os contidos corresponden ás competencias parciais de diversos tipos que o alumno deberá desenvolver para alcanzar os obxectivos indicados no número anterior.

Estes contidos relaciónanse a seguir en números independentes, aínda que en situacións reais de comunicación todas as competencias parciais se activan simultaneamente. Por iso, no proceso de ensino e aprendizaxe deberán integrarse nun todo significativo a partir dos obxectivos propostos para cada destreza, de maneira que o alumno adquira as competencias necesarias a través das actividades e tarefas comunicativas que se propoñan.

#### 3.1 Competencias xerais.

3.1.1 Contidos nocionais.—A seguinte lista de contidos nocionais inclúe os conceptos básicos dos cales se desagregarán as subcategorías correspondentes cos seus expoñentes lingüísticos para o nivel e para cada idioma.

3.1.1.1 Entidades: expresión das entidades e referencia a estas.

3.1.1.2 Propiedades: existencia, cantidade, calidade e valoración.

3.1.1.3 Relacións: espazo (situación absoluta e relativa no espazo); tempo (situación absoluta e relativa no tempo); estados, procesos e actividades (aspecto, modalidade, participantes e as súas relacións); relacións lóxicas (entre estados, procesos e actividades): conxunción, disxunción; oposición; comparación; condición, causa; finalidade; resultado; relacións temporais (anterioridade, simultaneidade, posterioridade).

3.1.2 Contidos socioculturais.—O alumno deberá adquirir un coñecemento da sociedade e a cultura das comunidades en que se fala o idioma obxecto de estudo, xa que unha falta de competencia neste sentido pode distorsionar a comunicación. Teranse en conta as áreas seguintes:

Vida cotiá (festividades, horarios, etc.).

Condicións de vida (vivenda, traballo, etc.).

Relacións persoais (estrutura social e relacións entre os seus membros).

Valores, crenzas e actitudes (institucións, arte, humor, etc.).

Linguaxe corporal (xestos, contacto visual, etc.).

Convencións sociais (convencións e tabús relativos ao comportamento).

Comportamento ritual (celebracións, cerimoniais, etc.).

#### 3.2 Competencias comunicativas.

##### 3.2.1 Competencias lingüísticas.

3.2.1.1 Contidos léxico-semánticos: repertorios léxicos e utilización (produción e comprensión) adecuada deles nos contextos a que se refiren os obxectivos especificados para o nivel. Estes repertorios desenvolveranse tendo en conta as seguintes áreas:

Identificación persoal.

Vivenda, fogar e contorno.

Actividades da vida diaria.

Tempo libre e lecer.

Viaxes.

Relacións humanas e sociais.

Saúde e coidados físicos.

Educación.

Compras e actividades comerciais.

Alimentación.

Bens e servizos.

Lingua e comunicación.

Clima, condicións atmosféricas e ambiente.  
Ciencia e tecnoloxía.

##### 3.2.1.2 Contidos gramaticais.

3.2.1.2.1 Oración composta: expresión de relacións lóxicas: conxunción; disxunción; oposición; concesión; comparación; condición; causa; finalidade; resultado; relacións temporais (anterioridade, posterioridade, simultaneidade).

3.2.1.2.2 Oración simple: tipos de oración, elementos constituíntes e a súa posición. Fenómenos de concordancia.

##### 3.2.1.2.3 O sintagma nominal.

3.2.1.2.3.1 Núcleo: substantivo e pronome (clases, xénero, número, caso).

3.2.1.2.3.2 Modificación do núcleo: mediante determinantes (artigos, demostrativos, posesivos, cuantificadores), aposición, sintagma (nominal, adxectivo, verbal, adverbial, preposicional), frase de relativo ou oración.

3.2.1.2.3.3 Posición dos elementos do sintagma e fenómenos de concordancia.

3.2.1.2.3.4 Funcións sintácticas do sintagma (suxeito, obxecto directo, etc.).

##### 3.2.1.2.4 O sintagma adxectivo.

3.2.1.2.4.1 Núcleo: adxectivo (clases, xénero, número, caso, grao).

3.2.1.2.4.2 Modificación do núcleo: mediante sintagma (nominal, adxectivo, verbal, adverbial, preposicional) ou oración.

3.2.1.2.4.3 Posición dos elementos do sintagma e fenómenos de concordancia.

3.2.1.2.4.4 Funcións sintácticas do sintagma (atributo, etc.).

##### 3.2.1.2.5 O sintagma verbal.

3.2.1.2.5.1 Núcleo: verbo (clases, tempo, aspecto, modalidade, voz).

3.2.1.2.5.2 Modificación do núcleo: negación, etc.

3.2.1.2.5.3 Posición dos elementos do sintagma e fenómenos de concordancia.

3.2.1.2.5.4 Funcións sintácticas do sintagma (verbo, suxeito, etc.).

##### 3.2.1.2.6 O sintagma adverbial.

3.2.1.2.6.1 Núcleo: adverbio e locucións adverbiais (clases, grao).

3.2.1.2.6.2 Modificación do núcleo: mediante sintagma adverbial, preposicional, etc.

3.2.1.2.6.3 Posición dos elementos do sintagma e fenómenos de concordancia.

3.2.1.2.6.4 Funcións sintácticas do sintagma (complemento circunstancial, etc.).

##### 3.2.1.2.7 O sintagma preposicional.

3.2.1.2.7.1 Núcleo: preposición e locucións preposicionais (clases).

3.2.1.2.7.2 Modificación do núcleo: mediante sintagma adverbial, preposicional, etc.

3.2.1.2.7.3 Posición dos elementos do sintagma e fenómenos de concordancia.

3.2.1.2.7.4 Funcións sintácticas do sintagma (complemento de réxime, etc.).

##### 3.2.1.3 Contidos ortográficos.

3.2.1.3.1 O alfabeto/os caracteres.

3.2.1.3.2 Representación gráfica de fonemas e sons.

3.2.1.3.3 Ortografía de palabras estranxeiras.

3.2.1.3.4 Uso dos caracteres nas súas diversas formas (maiúsculas, minúsculas, cursiva, etc.).

3.2.1.3.5 Signos ortográficos (acento, apóstrofo, diérese, guiño, etc.).

3.2.1.3.6 División de palabras ao final de liña. Estructura silábica.

3.2.1.4 Contidos fonéticos.

3.2.1.4.1 Sons e fonemas vocálicos e as súas combinacións.

3.2.1.4.2 Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.

3.2.1.4.3 Procesos fonolóxicos (enxordecemento, sonorización, asimilación, elisión, palatalización, nasalización, epéntese, alternancia vocálica, etc.).

3.2.1.4.4 Acento fónico / tonal dos elementos léxicos illados.

3.2.1.4.5 Acento e atonicidade / patróns tonais no sintagma e a oración.

3.2.2 Competencia sociolingüística. Un enfoque centrado no uso do idioma supón necesariamente a súa dimensión social. Os alumnos deberán adquirir as competencias sociolingüísticas que lles permitan comunicarse con efectividade ao nivel especificado.

3.2.2.1 Contidos sociolingüísticos: marcadores lingüísticos de relacións sociais, normas de cortesía, estereotipos e modismos populares, rexistros, dialectos e acentos.

3.2.3 Competencias pragmáticas.

3.2.3.1 Contidos funcionais.

3.2.3.1.1 Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, a opinión, a crenza e a conxectura: afirmar; anunciar; asentir; clasificar; confirmar a veracidade dun feito; describir; expresar acordo e desacordo; expresar descoñecemento; expresar dúbida; expresar unha opinión; formular hipóteses; identificar e identificarse; informar; predicir; recordar algo a alguén.

3.2.3.1.2 Funcións ou actos de fala compromisivos, relacionados coa expresión de ofrecemento, intención, vontade e decisión: expresar a intención ou vontade de facer algo; convidar; ofrecer algo; ofrecer axuda; ofrecerse a facer algo; prometer.

3.2.3.1.3 Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade que o destinatario faga ou non faga algo, tanto se isto é pola súa vez un acto verbal como unha acción doutra índole: aconsellar; advertir; dar instrucións; dar permiso; ordenar; pedir algo, axuda, confirmación, información, instrucións, opinión, permiso, que alguén faga algo; prohibir; propor; recordar algo a alguén.

3.2.3.1.4 Funcións ou actos de fala fáticos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto social e expresar actitudes con respecto aos demais: convidar; aceptar e declinar un convite; agradecer; atraer a atención; dar a benvída; despedirse; expresar aprobación; expresar condolencia; dar os parabéns; interesarse por alguén ou algo; lamentar; pedir desculpas; presentarse; presentar outra persoa; saudar.

3.2.3.1.5 Funcións ou actos de fala expresivos, cos cales se expresan actitudes e sentimentos ante determinadas situacións: expresar admiración, alegría ou felicidade, aprecio ou simpatía, aprobación e desaprobación, decepción, desinterese e interese, desgusto, dor, dúbida, esperanza, preferencia, satisfacción, sorpresa, temor, tristura.

3.2.3.2 Contidos discursivos: un enfoque centrado no uso do idioma supón considerar o texto como a unidade mínima de comunicación. Para que un texto sexa comunicativamente válido, debe ser coherente con respecto ao contexto en que se produce ou se interpreta e debe presentar unha cohesión ou organización interna

que facilite a súa comprensión e que reflecta, así mesmo, a dinámica de comunicación en que se desenvolve.

Os alumnos deberán adquirir, por tanto, as competencias discursivas que lles permitan producir e comprender textos atendendo á súa coherencia e á súa cohesión.

3.2.3.2.1 Coherencia textual: adecuación do texto ao contexto comunicativo.

3.2.3.2.1.1 Tipo e formato de texto.

3.2.3.2.1.2 Variedade de lingua.

3.2.3.2.1.3 Rexistro.

3.2.3.2.1.4 Tema. Enfoque e contido: selección léxica; selección de estruturas sintácticas; selección de contido relevante.

3.2.3.2.1.5 Contexto espacio-temporal: referencia espacial e referencia temporal.

3.2.3.2.2 Cohesión textual: organización interna do texto. Inicio, desenvolvemento e conclusión da unidade textual.

3.2.3.2.2.1 Inicio do discurso: mecanismos iniciadores (toma de contacto, etc.); introdución do tema; tematización.

3.2.3.2.2.2 Desenvolvemento do discurso.

3.2.3.2.2.2.1 Desenvolvemento temático.

3.2.3.2.2.2.1.1 Mantemento do tema: correferencia (uso do artigo, pronomes, demostrativos; concordancia de tempos verbais). Elipse. Repetición (eco léxico; sinónimos, antónimos, hiperónimos, hipónimos, campos léxicos). Reformulación. Énfase.

3.2.3.2.2.2.1.2 Expansión temática: exemplificación. Reforzo. Contraste. Introdución de subtemas.

3.2.3.2.2.2.2 Cambio temático: digresión. Recuperación do tema.

3.2.3.2.2.3 Conclusión do discurso: resumo/recapitulación, indicación de feche textual e feche textual.

3.2.3.2.2.4 Mantemento e seguimento do discurso oral: toma, mantemento e cesión da quenda de palabra. Apoio, demostración de entendemento, petición de aclaración, etc. A entoación como recurso de cohesión do texto oral: uso dos patróns de entoación.

3.2.3.2.2.5 A puntuación como recurso de cohesión do texto escrito: uso dos signos de puntuación.

#### 4. Criterios de avaliación

Considerarase que o alumno adquiriu as competencias propias deste nivel, para cada destreza, cando sexa capaz do seguinte:

Comprensión oral.

Comprender instrucións con información técnica sinxela, como, por exemplo, instrucións de funcionamento de aparellos de uso frecuente e seguir indicacións detalladas.

Comprender xeralmente as ideas principais dunha conversa ou discusión informal sempre que o discurso estea articulado con clareza e en lingua estándar.

En conversas formais e reunións de traballo, comprender gran parte do que se di se está relacionado coa súa especialidade e sempre que os interlocutores eviten un uso moi idiomático e pronuncien con clareza.

Seguir xeralmente as ideas principais dun debate longo que ten lugar na súa presenza, sempre que o discurso estea articulado con clareza e nunha variedade de lingua estándar.

Comprender, en liñas xerais, conferencias e presentacións sinxelas e breves sobre temas cotiáns sempre que se desenvolvan cunha pronuncia estándar e clara.

Comprender as ideas principais de moitos programas de radio ou televisión que tratan temas cotiáns ou actuais, ou asuntos de interese persoal ou profesional, cando a articulación é relativamente lenta e clara.

Comprender as ideas principais dos informativos radiofónicos e doutro material gravado sinxelo que trate temas cotiáns articulados con relativa lentitude e clareza.

Comprender moitas películas que se articulan con clareza e nun nivel de lingua sinxelo, e onde os elementos visuais e a acción conducen gran parte do argumento.

#### Expresión e interacción oral.

Facer declaracións públicas breves e ensaiadas sobre un tema cotián dentro do seu campo, que son claramente intelixibles a pesar de iren acompañadas dun acento e entoación inconfundiblemente estranxeiros.

Facer unha presentación breve e preparada sobre un tema dentro da súa especialidade, coa suficiente clareza como para que se poida seguir sen dificultade a maior parte do tempo e cuxas ideas principais estean explicadas cunha razoable precisión, ben como responder preguntas complementarias da audiencia, aínda que talvez teña que pedir que llas repitan se se fala con rapidez.

Desenvolverse en transaccións comúns da vida cotiá como son as viaxes, o aloxamento, as comidas e as compras. Intercambiar, comprobar e confirmar información co debido detalle. Enfrontarse a situacións menos correntes e explicar o motivo dun problema.

Iniciar, manter e terminar conversas e discusións sinxelas cara a cara sobre temas cotiáns, de interese persoal, ou que sexan pertinentes para a vida diaria (por exemplo, familia, afeccións, traballo, viaxes e feitos de actualidade).

En conversacións informais, ofrecer ou buscar puntos de vista e opinións persoais ao discutir sobre temas de interese; facer comprensibles as súas opinións ou reaccións respecto ás solucións posibles de problemas ou cuestións prácticas, ou aos pasos que se deben seguir (sobre onde ir, que facer, como organizar un acontecemento; por exemplo, unha excursión), e convidar outros a expresaren os seus puntos de vista sobre a forma de proceder; describir experiencias e feitos, soños, esperanzas e ambicións; expresar con amabilidade crenzas, opinións, acordos e desacordos, e explicar e xustificar brevemente as súas opinións e proxectos.

Tomar parte en discusións formais e reunións de traballo habituais sobre temas cotiáns e que supoñen un intercambio de información sobre feitos concretos ou nas cales se dan instrucións ou solucións a problemas prácticos, e expresar nelas un punto de vista con clareza, ofrecendo breves razoamentos e explicacións de opinións, plans e accións.

Tomar a iniciativa en entrevistas ou consultas (por exemplo, para introducir un novo tema), aínda que dependa moito do entrevistador durante a interacción, e utilizar un cuestionario preparado para realizar unha entrevista estruturada, con algunhas preguntas complementarias.

#### Comprensión de lectura.

Comprender instrucións sinxelas e escritas con clareza relativas a un aparello.

Encontrar e comprender información relevante en material escrito de uso cotián, por exemplo en cartas, catálogos e documentos oficiais breves.

Comprender a descrición de acontecementos, sentimentos e desexos en cartas persoais.

Recoñecer ideas significativas de artigos sinxelos de xornal que tratan temas cotiáns.

#### Expresión e interacción escrita.

Escribir notas en que se transmite ou require información sinxela de carácter inmediato e en que se salientan os aspectos que lle resultan importantes.

Escribir cartas persoais en que se describen experiencias, impresións, sentimentos e acontecementos con certo detalle, e nas cales se intercambian información e ideas sobre temas tanto abstractos como concretos, facendo ver os aspectos que se coidan importantes, preguntando sobre problemas ou explicándoos con razoable precisión.

Escribir informes moi breves en formato convencional con información sobre feitos comúns e os motivos de certas accións.

Tomar notas, facendo unha lista dos aspectos importantes, durante unha conferencia sinxela, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con clareza.

Resumir breves fragmentos de información de diversas fontes, ben como realizar paráfrases sinxelas de breves pasaxes escritas utilizando as palabras e a ordenación do texto orixinal.

## II. Nivel avanzado

### 1. Definición do nivel

O nivel avanzado presentará as características do nivel de competencia B2, conforme este nivel se define no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas. Este nivel supón:

Utilizar o idioma con soltura e eficacia en situacións habituais e máis específicas que requiran comprender, producir e tratar textos orais e escritos conceptual e lingüísticamente complexos, nunha variedade de lingua estándar, cun repertorio léxico amplo aínda que non moi idiomático, e que versen sobre temas xerais, actuais ou propios do campo de especialización do falante.

### 2. Obxectivos xerais por destrezas

2.1 Comprensión oral.—Comprender textos extensos, ben organizados e lingüísticamente complexos que traten de temas tanto concretos como abstractos, mesmo se son de carácter técnico, sempre que estean dentro do propio campo de especialización, nunha variedade de lingua estándar, articulados a velocidade normal, e mesmo cando as condicións acústicas non sexan boas.

2.2 Expresión e interacción oral.—Producir textos claros e detallados, ben organizados e adecuados ao interlocutor e propósito comunicativo, sobre temas diversos, ben como defender un punto de vista sobre temas xerais ou relacionados coa propia especialidade, indicando os pros e os contras das distintas opcións, e tomar parte activa en conversas extensas, mesmo nun ambiente con rúidos, desenvolvéndose cun grao de corrección, fluidez e naturalidade que permita que a comunicación se realice sen esforzo por parte do falante e os seus interlocutores, aínda que aquel aínda cometa erros esporádicos.

2.3 Comprensión de lectura.—Ler cun alto grao de independencia textos extensos e complexos, adaptando o estilo e a velocidade de lectura aos distintos textos e finalidades e utilizando fontes de referencia apropiadas de forma selectiva, e contar cun amplo vocabulario activo de lectura, aínda que teña algunha dificultade con expresións pouco frecuentes.

2.4 Expresión e interacción escrita.—Escribir textos claros e detallados sobre unha ampla serie de temas relacionados cos propios intereses e especialidade, ou sobre temas diversos, ben como defender un punto de vista sobre temas xerais, indicando os pros e os contras das

distintas opcións, ou sintetizando e avaliando información e argumentos procedentes de varias fontes.

### 3. Contidos xerais básicos

Os contidos corresponden ás competencias parciais de diversos tipos que o alumno deberá desenvolver para alcanzar os obxectivos indicados no número anterior.

Estes contidos relaciónanse a seguir en números independentes, aínda que en situacións reais de comunicación todas as competencias parciais se activan simultaneamente. Por iso, no proceso de ensino e aprendizaxe deberanse integrar nun todo significativo a partir dos obxectivos propostos para cada destreza, de maneira que o alumno adquira as competencias necesarias a través das actividades e tarefas comunicativas que se proponhan.

#### 3.1 Competencias xerais.

3.1.1 Contidos nocionais.—A seguinte lista de contidos nocionais inclúe os conceptos básicos dos cales se desagregarán as subcategorías correspondentes cos seus expoñentes lingüísticos para o nivel e para cada idioma.

3.1.1.1 Entidades: expresión das entidades e referencia a estas.

3.1.1.2 Propiedades: existencia, cantidade, calidade e valoración.

3.1.1.3 Relacións: espazo (situación absoluta e relativa no espazo); tempo (situación absoluta e relativa no tempo); estados, procesos e actividades (aspecto, modalidade, participantes e as súas relacións); relacións lóxicas (entre estados, procesos e actividades): conxunción, disxunción; oposición; comparación; condición, causa; finalidade; resultado; relacións temporais (anterioridade, simultaneidade, posterioridade).

3.1.2 Contidos socioculturais.—O alumno deberá adquirir un coñecemento da sociedade e a cultura das comunidades en que se fala o idioma obxecto de estudo, xa que unha falta de competencia neste sentido pode distorsionar a comunicación. Teranse en conta as áreas seguintes:

Vida cotiá (festividades, horarios, etc.).

Condicións de vida (vivenda, traballo, etc.).

Relacións persoais (estrutura social e relacións entre os seus membros).

Valores, crenzas e actitudes (institucións, arte, humor, etc.).

Linguaxe corporal (xestos, contacto visual, etc.).

Convencións sociais (convencións e tabús relativos ao comportamento).

Comportamento ritual (celebracións, cerimoniais, etc.).

#### 3.2 Competencias comunicativas.

##### 3.2.1 Competencias lingüísticas.

3.2.1.1 Contidos léxico-semánticos: repertorios léxicos e utilización (produción e comprensión) adecuada destes nos contextos a que se refiren os obxectivos especificados para o nivel. Estes repertorios desenvolveranse tendo en conta as seguintes áreas:

Identificación persoal.

Vivenda, fogar e contorno.

Actividades da vida diaria.

Tempo libre e lecer.

Viaxes.

Relacións humanas e sociais.

Saúde e coidados físicos.

Educación.

Compras e actividades comerciais.

Alimentación.

Bens e servizos.

Lingua e comunicación.

Clima, condicións atmosféricas e ambiente.

Ciencia e tecnoloxía.

##### 3.2.1.2 Contidos gramaticais.

3.2.1.2.1 Oración composta: expresión de relacións lóxicas: conxunción; disxunción; oposición; concesión; comparación; condición; causa; finalidade; resultado; relacións temporais (anterioridade, posterioridade, simultaneidade).

3.2.1.2.2 Oración simple: tipos de oración, elementos constituíntes e a súa posición. Fenómenos de concordancia.

##### 3.2.1.2.3 O sintagma nominal.

3.2.1.2.3.1 Núcleo: substantivo e pronome (clases, xénero, número, caso).

3.2.1.2.3.2 Modificación do núcleo: mediante determinantes (artigos, demostrativos, posesivos, cuantificadores), aposición, sintagma (nominal, adxectivo, verbal, adverbial, preposicional), frase de relativo ou oración.

3.2.1.3.2.3 Posición dos elementos do sintagma e fenómenos de concordancia.

3.2.1.3.2.4 Funcións sintácticas do sintagma (suxeito, obxecto directo, etc.).

##### 3.2.1.2.4 O sintagma adxectivo.

3.2.1.2.4.1 Núcleo: adxectivo (clases, xénero, número, caso, grao).

3.2.1.2.4.2 Modificación do núcleo: mediante sintagma (nominal, adxectivo, verbal, adverbial, preposicional) ou oración.

3.2.1.3.4.3 Posición dos elementos do sintagma e fenómenos de concordancia.

3.2.1.3.4.4 Funcións sintácticas do sintagma (atributo, etc.).

##### 3.2.1.2.5 O sintagma verbal.

3.2.1.2.5.1 Núcleo: verbo (clases, tempo, aspecto, modalidade, voz).

3.2.1.2.5.2 Modificación do núcleo: negación, etc.

3.2.1.2.5.3 Posición dos elementos do sintagma e fenómenos de concordancia.

3.2.1.2.5.4 Funcións sintácticas do sintagma (verbo, suxeito, etc.).

##### 3.2.1.2.6 O sintagma adverbial.

3.2.1.2.6.1 Núcleo: adverbio e locucións adverbiais (clases, grao).

3.2.1.2.6.2 Modificación do núcleo: mediante sintagma adverbial, preposicional, etc.

3.2.1.2.6.3 Posición dos elementos do sintagma e fenómenos de concordancia.

3.2.1.2.6.4 Funcións sintácticas do sintagma (complemento circunstancial, etc.).

##### 3.2.1.2.7 O sintagma preposicional.

3.2.1.2.7.1 Núcleo: preposición e locucións preposicionais (clases).

3.2.1.2.7.2 Modificación do núcleo: mediante sintagma adverbial, preposicional, etc.

3.2.1.2.7.3 Posición dos elementos do sintagma e fenómenos de concordancia.

3.2.1.2.7.4 Funcións sintácticas do sintagma (complemento de réxime, etc.).

##### 3.2.1.3 Contidos ortográficos.

3.2.1.3.1 O alfabeto / os caracteres.

3.2.1.3.2 Representación gráfica de fonemas e sons.

3.2.1.3.3 Ortografía de palabras estranxeiras.

3.2.1.3.4 Uso dos caracteres nas súas diversas formas (maiúsculas, minúsculas, cursiva, etc.).

3.2.1.3.5 Signos ortográficos (acento, apóstrofo, diérese, guión, etc.).

3.2.1.3.6 División de palabras ao final de liña. Estructura silábica.

3.2.1.4 Contidos fonéticos.

3.2.1.4.1 Sons e fonemas vocálicos e as súas combinacións.

3.2.1.4.2 Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.

3.2.1.4.3 Procesos fonolóxicos (enxordemento, sonorización, asimilación, elisión, palatalización, nasalización, epéntese, alternancia vocálica, etc.).

3.2.1.4.4 Acento fónico / tonal dos elementos léxicos illados.

3.2.1.4.5 Acento e atonicidade / patróns tonais no sintagma e a oración.

3.2.2 Competencia sociolingüística.—Un enfoque centrado no uso do idioma supón necesariamente a súa dimensión social. Os alumnos deberán adquirir as competencias sociolingüísticas que lles permitan comunicarse con efectividade ao nivel especificado.

3.2.2.1 Contidos sociolingüísticos: marcadores lingüísticos de relacións sociais, normas de cortesía, estereotipos e modismos populares, rexistros, dialectos e acentos.

3.2.3 Competencias pragmáticas.

3.2.3.1 Contidos funcionais.

3.2.3.1.1 Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, a opinión, a crenza e a conxectura: afirmar; anunciar; apostilar; asentir; atribuír; clasificar; confirmar a veracidade dun feito; conxecturar; corroborar; describir; desmentir; disentir; expresar acordo e desacordo; expresar descoñecemento; expresar dúbida; expresar escepticismo; expresar unha opinión; formular hipóteses; identificar e identificarse; informar; obxectar; predicir; rebater; recordar algo a alguén; rectificar; replicar; supor.

3.2.3.1.2 Funcións ou actos de fala directivos, relacionados coa expresión de ofrecemento, intención, vontade e decisión: acceder; admitir; consentir; expresar a intención ou vontade de facer algo; convidar; xurar; negarse a facer algo; ofrecer algo; ofrecer axuda; ofrecerse a facer algo; prometer; retractarse.

3.2.3.1.3 Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade que o destinatario faga ou non faga algo, tanto se isto é, pola súa vez, un acto verbal como unha acción doutra índole: aconsellar; advertir; alertar; ameazar; animar; autorizar; dar instrucións; dar permiso; demandar; denegar; desanimar; desestimar; dispensar ou eximir algún de facer algo; disuadir; exixir; intimidar; ordenar; pedir algo, axuda, confirmación, consello, información, instrucións, opinión, permiso, que alguén faga algo; negar permiso a alguén; persuadir; previr alguén en contra de algo ou de alguén; prohibir; propor; reclamar; recomendar; recordar algo a alguén; res-trinxir; solicitar; suxerir; suplicar.

3.2.3.1.4 Funcións ou actos de fala fáticos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto social e expresar actitudes con respecto aos demais: aceptar e declinar un convite; agradecer; atraer a atención; compadecerse; dar a benvinda; despedirse; expresar condolencia; dar os parabéns; facer cumprimentos; insultar; interesarse por alguén ou algo; convidar; pedir desculpas; presentarse e presentar outra persoa; rexeitar; saudar.

3.2.3.1.5 Funcións ou actos de fala expresivos, cos cales se expresan actitudes e sentimentos ante determinadas situacións: acusar; expresar admiración, alegría ou felicidade, aprecio ou simpatía, aprobación e desapropa-

ción, confianza e desconfianza, decepción, desinterese e interese, desprezo, desgusto, dor, dúbida, escepticismo, esperanza e desesperanza, estima, insatisfacción, preferencia, resignación, satisfacción, sorpresa, temor, tristura; defender; excusar; lamentar; reprochar.

3.2.3.2 Contidos discursivos: un enfoque centrado no uso do idioma supón considerar o texto como a unidade mínima de comunicación. Para que un texto sexa comunicativamente válido, debe ser coherente con respecto ao contexto en que se produce ou se interpreta e debe presentar unha organización interna ou cohesión que facilite a súa comprensión e que reflecta, así mesmo, a dinámica de comunicación en que se desenvolve.

Os alumnos deberán adquirir, por tanto, as competencias discursivas que lles permitan producir e comprender textos atendendo á súa coherencia e á súa cohesión.

3.2.3.2.1 Coherencia textual: adecuación do texto ao contexto comunicativo.

3.2.3.2.1.1 Tipo e formato de texto.

3.2.3.2.1.2 Variedade de lingua.

3.2.3.2.1.3 Rexistro.

3.2.3.2.1.4 Tema. Enfoque e contido: selección léxica; selección de estruturas sintácticas; selección de contido relevante.

3.2.3.2.1.5 Contexto espacio-temporal: referencia espacial. Referencia temporal.

3.2.3.2.2 Cohesión textual: organización interna do texto. Inicio, desenvolvemento e conclusión da unidade textual.

3.2.3.2.2.1 Inicio do discurso: mecanismos iniciadores (toma de contacto, etc.); introdución do tema; tematización.

3.2.3.2.2.2 Desenvolvemento do discurso.

3.2.3.2.2.2.1 Desenvolvemento temático.

3.2.3.2.2.2.1.1 Mantemento do tema: correferencia (uso do artigo, pronomes, demostrativos; concordancia de tempos verbais). Elipse. Repetición (eco léxico; sinónimos, antónimos, hiperónimos, hipónimos, campos léxicos). Reformulación. Énfase.

3.2.3.2.2.2.1.2 Expansión temática: exemplificación. Reforzo. Contraste. Introdución de subtemas.

3.2.3.2.2.2.2 Cambio temático: digresión. Recuperación do tema.

3.2.3.2.2.3 Conclusión do discurso: resumo/recapitulación, indicación de feche textual e feche textual.

3.2.3.2.2.4 Mantemento e seguimento do discurso oral: toma, mantemento e cesión da quenda de palabra. Apoio, demostración de entendemento, petición de aclaración, etc. A entoación como recurso de cohesión do texto oral: uso dos patróns de entoación.

3.2.3.2.2.5 A puntuación como recurso de cohesión do texto escrito: uso dos signos de puntuación.

#### 4. Criterios de avaliación

Considerarase que o alumno adquiriu as competencias propias deste nivel, para cada destreza, cando sexa capaz do seguinte:

Comprensión oral.

Comprender declaracións e mensaxes, avisos e instrucións detalladas sobre temas concretos e abstractos, en lingua estándar e cun ritmo normal.

Comprender discursos e conferencias extensos, e mesmo seguir liñas argumentais complexas sempre que



o tema sexa relativamente coñecido e o desenvolvemento do discurso se facilite con marcadores explícitos.

Comprender as ideas principais de conferencias, charlas e informes, e outras formas de presentación académica e profesional lingüisticamente complexas.

Comprender a maioría dos documentais radiofónicos e outro material gravado ou retransmitido en lingua estándar, e identificar o estado de ánimo e o ton do falante.

Comprender a maioría das noticias da televisión e dos programas sobre temas actuais.

Comprender documentais, entrevistas en directo, debates, obras de teatro e a maioría das películas en lingua estándar.

Comprender con todo detalle o que se lle di directamente en conversacións e transaccións en lingua estándar, mesmo nun ambiente con ruído de fondo.

Captar, con algún esforzo, gran parte do que se di ao seu arredor.

Comprender as discusións sobre asuntos relacionados coa súa especialidade e entender con todo detalle as ideas que destaca o interlocutor.

#### Expresión e interacción oral.

Facer declaracións públicas sobre a maioría de temas xerais cun grao de clareza, fluidez e espontaneidade que non provoca tensión ou molestias ao ouvinte.

Realizar con clareza e detalle presentacións preparadas previamente sobre unha ampla serie de asuntos xerais ou relacionados coa súa especialidade, explicando puntos de vista sobre un tema, razoando a favor ou en contra dun punto de vista concreto, mostrando as vantaxes e desvantaxes de varias opcións, desenvolvendo argumentos con clareza e ampliando e defendendo as súas ideas con aspectos complementarios e exemplos relevantes, ben como responder a unha serie de preguntas complementarias da audiencia cun grao de fluidez e espontaneidade que non supón ningunha tensión nin para si mesmo nin para o público.

Nunha entrevista, tomar a iniciativa, ampliar e desenvolver as súas ideas, ben con pouca axuda ben obténdoa do entrevistador se a necesita.

En transaccións e intercambios para obter bens e servizos, explicar un problema que xurdiu e deixar claro que o provedor do servizo ou o cliente debe facer concesións.

Participar activamente en conversas e discusións formais, debates e reunións de traballo, sexan habituais ou non, nas cales esboza un asunto ou un problema con clareza, especulando sobre as causas e consecuencias e comparando as vantaxes e desvantaxes de diferentes enfoques, e nas cales ofrece, explica e defende as súas opinións e puntos de vista, avalía as propostas alternativas, formula hipóteses e responde a estas, contribuíndo ao progreso da tarefa e convidando a outros a participaren.

Participar activamente en conversas informais que se dan en situacións cotiás, facendo comentarios; expresando e defendendo con clareza os seus puntos de vista; avaliando propostas alternativas; proporcionando explicacións, argumentos e comentarios axeitados; realizando hipóteses e respondéndoas; todo iso sen divertir ou molestar involuntariamente os seus interlocutores, sen exixir deles un comportamento distinto do que terían cun falante nativo, sen supor tensión para ningunha das partes, transmitindo certa emoción e resaltando a importancia persoal de feitos e experiencias.

#### Comprensión de lectura.

Comprender instrucións extensas e complexas que estean dentro da súa especialidade, incluíndo detalles sobre condicións e advertencias, sempre que poida volver ler as seccións difíciles.

Identificar con rapidez o contido e a importancia de noticias, artigos e informes sobre unha ampla serie de temas profesionais.

Ler correspondencia relativa á súa especialidade e captar facilmente o significado esencial.

Comprender artigos e informes relativos a asuntos actuais nos cales os autores adoptan posturas ou puntos de vista concretos.

Comprender prosa literaria contemporánea.

Expresión e interacción escrita.

Escribir notas en que se transmite ou require información sinxela de carácter inmediato e en que se resaltan os aspectos que lle resultan importantes.

Escribir cartas en que se expresan noticias e puntos de vista con eficacia, se transmite certa emoción, se salienta a importancia persoal de feitos e experiencias e se comentan as noticias e os puntos de vista da persoa a quen se escribe e doutras persoas.

Escribir informes que desenvolven un argumento, razoando a favor ou en contra dun punto de vista concreto e explicando as vantaxes e as desvantaxes de varias opcións.

Escribir recensións de películas, de libros ou de obras de teatro.

Tomar notas sobre aspectos que lle parecen importantes nunha conferencia estruturada con clareza sobre un tema coñecido, aínda que tenda a concentrarse nas palabras mesmas e perda por tanto algunha información.

Resumir textos tanto factuais como de ficción, comentando e analizando puntos de vista opostos e os temas principais, ben como resumir fragmentos de noticias, entrevistas ou documentais que conteñen opinións, argumentos e análises, e a trama e a secuencia dos acontecementos de películas ou de obras de teatro.

## ANEXO II

### Documentos de avaliación

Os documentos oficiais que deben ser utilizados na avaliación para as ensinanzas de idiomas de réxime especial serán os seguintes: o expediente académico e as actas de cualificación.

a) Dos documentos indicados no parágrafo anterior, o expediente académico considérase o documento básico que garante o traslado dos alumnos entre os distintos centros, e deberá incluír os datos de identificación do centro e os datos persoais do alumno, os datos de matrícula: número, modalidade de ensino, idioma, nivel e curso, ano académico e as cualificacións obtidas.

b) O expediente académico recollerá información referida ao acceso directo a cursos e niveis, renuncia de matrícula, superación do número de convocatorias establecido, traslado a outro centro e cambio de modalidade.

c) O expediente académico incluírá información sobre a proposta de expedición do certificado do nivel correspondente.

d) No expediente académico farase constar a estrutura de niveis e cursos, ben como o número mínimo de horas lectivas por curso, de acordo co que establecesen as distintas administracións educativas.

e) A custodia e arquivo dos expedientes académicos corresponden aos centros e realizaranse de acordo co procedemento que determinen as diferentes administracións educativas.

f) Os alumnos poderán solicitar certificación dos datos recollidos no seu expediente académico, que será asinado polo secretario do centro co visto e prace do seu director.

g) As actas de cualificación estenderanse ao termo de cada un dos cursos de cada nivel. Estas actas incluírán

a relación nominal de alumnos xunto coa cualificación do curso, de acordo co que determinen as administracións educativas; serán asinadas polos profesores do departamento didáctico correspondente e deberán contar co visto e prace do xefe do departamento.

h) As cualificacións nas ensinanzas de idiomas de réxime especial expresaranse nos seguintes termos: apto ou non apto.

### ANEXO III

#### Equivalencias entre as ensinanzas reguladas polo Real decreto 967/1988, do 2 de setembro, as reguladas polo Real decreto 944/2003, do 18 de xullo, e as ensinanzas a que se refire este real decreto

| Ensinanzas reguladas polo RD 967/1988, do 2 de setembro                    | Ensinanzas reguladas polo RD 944/2003, do 18 de xullo | Ensinanzas reguladas por este RD                         |
|----------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------|
| 1.º curso do ciclo elemental.                                              | 1.º curso de nivel básico.                            | Nivel básico (A2).                                       |
| 2.º curso do ciclo elemental.                                              | 2.º curso de nivel básico.                            | -                                                        |
| -                                                                          | Certificado de nivel básico                           | -                                                        |
| 3.º curso do ciclo elemental e certificación académica do ciclo elemental. | -                                                     | Nivel intermedio (B1) e certificado de nivel intermedio. |
| 1.º curso do ciclo superior.                                               | -                                                     | Nivel avanzado (B2).                                     |
| 2.º curso do ciclo superior.                                               | -                                                     | -                                                        |
| Certificado de aptitude*.                                                  | -                                                     | Certificado de nivel avanzado*.                          |

\* O certificado de aptitude e o de nivel avanzado serán equivalentes para os efectos académicos.

**185** REAL DECRETO 1630/2006, do 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas do segundo ciclo de educación infantil. («BOE» 4, do 4-1-2007.)

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no seu artigo 6.2 establece que lle corresponde ao Goberno fixar as ensinanzas mínimas a que se refire a disposición adicional primeira, punto 2, letra c) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xuño, reguladora do dereito á educación. O obxecto deste real decreto é establecer as ensinanzas mínimas do segundo ciclo da educación infantil.

A educación infantil constitúe unha etapa educativa con identidade propia. Por iso este real decreto establece obxectivos, fins e principios xerais referidos ao conxunto da etapa.

En virtude das competencias atribuídas ás administracións educativas, segundo os artigos 14.7 e 6.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, correspóndelles a estas determinar os contidos educativos do primeiro ciclo da educación infantil e establecer o currículo do segundo ciclo, do cal formarán parte as ensinanzas mínimas fixadas neste real decreto.

Os centros docentes xogan tamén un activo papel na determinación do currículo xa que, de acordo co establecido no artigo 6.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, lles corresponde desenvolver e completar, de ser o caso, o currículo establecido polas administracións educativas.

O currículo oriéntase a lograr un desenvolvemento integral e harmónico da persoa nos distintos planos:

físico, motórico, emocional, afectivo, social e cognitivo, e a procurar as aprendizaxes que contribúen e fan posible o devandito desenvolvemento. As aprendizaxes do segundo ciclo preséntanse en tres áreas diferenciadas das cales se describen os seus obxectivos xerais, contidos e criterios de avaliación; non obstante, boa parte dos contidos dunha área adquiren sentido desde a perspectiva das outras dúas, coas cales están en estreita relación, dado o carácter globalizador da etapa.

Pola súa banda, a avaliación debería ter como fin a identificación das aprendizaxes adquiridas así como a valoración do desenvolvemento alcanzado, tendo, xa que logo, un carácter netamente formativo. Desde esta formulación, os criterios de avaliación concíbense como unha referencia para orientar a acción educativa.

A regulación que realicen as administracións educativas deberá incluír os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, ben que a agrupación en bloques establecida neste real decreto ten como finalidade a presentación dos contidos de forma coherente.

Nesta etapa, máis que en calquera outra, desenvolvemento e aprendizaxe son procesos dinámicos que teñen lugar como consecuencia da interacción co medio. Cada neno ten o seu ritmo e o seu estilo de maduración, desenvolvemento e aprendizaxe; por iso, a súa afectividade, as súas características persoais, as súas necesidades, intereses e estilo cognitivo deberán ser tamén elementos que condicionen a práctica educativa nesta etapa. Neste proceso adquire unha relevancia especial a participación e colaboración coas familias.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e emitiron informe o Consello Escolar do Estado e o Ministerio de Administracións Públicas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación e Ciencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de decembro de 2006,

### DISPÓÑO :

#### Artigo 1. *Principios xerais.*

1. A educación infantil constitúe a etapa educativa con identidade propia que atende nenas e nenos desde o nacemento ata os seis anos.

2. Esta etapa ordénase en dous ciclos. O primeiro comprende ata os tres anos e o segundo desde os tres aos seis anos de idade.

3. A educación infantil ten carácter voluntario. O segundo ciclo desta etapa educativa será gratuíto.

#### Artigo 2. *Fins.*

1. A finalidade da educación infantil é a de contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual dos nenos e as nenas.

2. En ambos os ciclos se atenderá progresivamente ao desenvolvemento afectivo, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento das características físicas e sociais do medio. Ademais facilitarase que nenas e nenos elaboren unha imaxe de si mesmos positiva e equilibrada e adquiren autonomía persoal.

#### Artigo 3. *Obxectivos.*

A educación infantil contribuír a desenvolver nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer o seu propio corpo e o dos outros, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.